

### FALADE GALEGO

Miniñas da Cruña,  
de amabre despexo,  
de falas graciosas  
e pasos lixeiros,  
deixa de Castela  
os duros acentos:  
falade, miniñas,  
falade galego.

Cando é que vos ouzo,  
a patria esquecendo,  
falar esas duras  
palabras de ferro,  
non sei o que sufro,  
non sei o que peno:  
falade, miniñas,  
falade galego.

Mais cando falades  
nos patrios acentos,  
envoltos no voso  
anxélico alento,  
parece que escuito  
un canto do ceo:  
falade, miniñas,  
falade galego.

### DOS CELTAS ANTIGOS

Dos celtas antigos  
gloriosos exemplos;  
do duro romano  
non lixios, non servos:  
rompede as cadeas  
da patria, dos eidos;  
luitade valentes;  
luitade, gallegos.

Con rogo e con pranto,  
con brandos acentos,  
non ben se consiguen  
os nobres empeños:  
esforzo e constancia  
vos peden os tempos:  
luitade animosos;  
luitade, gallegos.

Luitando se vencen  
da sorte os degredos;  
quen luita, ese é forte;  
quen cede, ese é servo:  
oponde aos destinos  
un peito de ferro:  
luitade, luitade, luitade, luitade,  
luitade, gallegos.

**Os pinos**

¿Que din os rumorosos  
na costa verdecente,  
ao raio transparente  
do prácido luar?  
¿Que din as altas copas  
de escuro arume harpado  
co seu ben compasado  
monótono fungar?

—Do teu verdor cinguido  
e de benignos astros,  
confín dos verdes castros  
e valeroso clan,  
non des a esquecemento  
dainxuria o rudo encono;  
desperta do teu sono,  
fogar de Breogán.

Os bos e xenerosos  
a nosa voz entenden,  
e con arroubo atenden  
o noso rouco son,  
mais só os ignorantes,  
e feridos e duros,  
imbéciles e escuros  
non nos entenden, non.

Os tempos son chegados  
dos bardos das idades,  
que as vosas vaguidades  
cumprido fin terán;  
pois, onde quer xigante  
a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán.

Teus fillos vigorosos  
en que honor só late,  
a intrépido combate  
dispondo o peito van;  
se, por ti mesma, libre  
de indigna servidume  
e de oprobioso alcume,  
rexión de Breogán.

Á nobre Lusitania  
os brazos tende amigos,  
aos eidos ben antigos  
con un punxente afán;  
e cumple as vaguidades  
dos teus soantes pinos  
duns máxicos destinos,  
¡ouh, grei de Breogán!

Amora da terra verde,  
da verde terra nosa,  
acende a raza briosa  
de Ousinde e de Froxán;  
que aló nos seus garridos  
xustillos, mal constreitos,  
os doces e albos peitos  
das fillas de Breogán;

que á nobre prole ensinen  
fortísimos acentos,  
non mólidos concentos  
que ás virxes só ben están;  
mais os robustos ecos  
que, ¡oh, patria!, ben recordas  
das sonorosas cordas  
das harpas de Breogán.

Estima non se alcanza  
cun vil xemido brando;  
calquer requer rogando  
con voz que esquecerán;  
mais cun rumor xigante,  
sublime e parecido  
ao intrépido sonido  
das armas de Breogán.

Galegos, sede fortes,  
prontos a grandes feitos;  
aparellade os peitos  
a glorioso afán;  
fillos dos nobres celtas,  
fortes e peregrinos,  
loitade polos destinos,  
dos eidos de Breogán.

**EXERCICIOS:**

**Sobre o primeiro poema:**

1. A quen se dirixe Pondal neste poema?
2. A que bloque temático dentro da poesía pondaliana pode pertencer este texto?
3. Que concepción da muller deixa entrever este poema?
4. Anota os adxectivos que se empregan para describir a estas mulleres
5. Cal é a mensaxe principal?

**Sobre o segundo poema:**

1. A quen se dirixe este poema? Que lles pide?
2. Anota as palabras que teñen connotacións bélicas.
3. Que papel adopta neste caso o poeta?
4. A que bloque temático pertence dentro da obra de Pondal?

**Sobre o terceiro poema:**

1. Quen fai as preguntas iniciais do poema? A quen se dirixen ou quen as responde?
2. Quen son os rumorosos?
3. No texto en ningún momento se menciona o nome de Galicia. Como se refire a ela?
4. A que se refiere o autor con Lusitania? Que era exactamente? É unha referencia positiva?
5. Quen son Ousinde e Froxán? Cres que son reais? De onde puido tomar Pondal estes nomes?
6. Que instrumento musical se menciona no poema? De que é símbolo?
7. Que recursos literarios podemos atopar?